

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	5º Pri.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	130
4.2. Materiais e recursos didácticos	131
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	132
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	132
6. Medidas de atención á diversidade	135
7.1. Concreción dos elementos transversais	136
7.2. Actividades complementarias	136
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	137
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	138
9. Outros apartados	138

1. Introducción

O ensino da área de Lingua castelá e literatura ao longo da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.

Neste curso, o alumnado xa é capaz de argumentar e defender as súas propias opinións e de aceptar as regras básicas de intercambio e de respecto comunicativo. Poden captar sen dificultades diferentes puntos de vista e reformular os seus propios, teñen maior control á hora de facer xuízos e valoracións, e poden estudar as posibles solucións alternativas que se formulan ante un problema. Así mesmo, son capaces de interpretar textos distinguindo as opinións dos feitos obxectivos comprobables, cunha actitude máis crítica, e mesmo manifestando criterios estéticos persoais.

Por outra banda, os nenos destas idades rebordan vitalidade e altruísmo e alcanzaron certo equilibrio e autonomía afectiva. Son anos de marcada extraversión e comunicación. Queren saber máis e tratar con máis xente (exprésanse ben oralmente e por escrito), polo tanto, a súa capacidade cognitiva expándese cara a novas experiencias. Mostran ademais, con bastante nitidez, as súas aptitudes e gustos ante as cousas, os estudos, os compañeiros, os xogos, as lecturas, etc. Non obstante, hai que orientalos cara á reflexión, xa que, en xeral, se inclinan pola memorización (sobre todo en cuestións gramaticais).

Poden definir palabras abstractas e traballar con elas, buscar semellanzas de certa complexidade (por exemplo en campos semánticos), diferenciar matices e oposicións (por exemplo, coordinación adversativa, etc.) e expresar ordenadamente o seu "razoamento formal". Captan as ironías, o dobre sentido, as incoherencias, o absurdo, e son moi sensibles ao ridículo, pois teñen un gran pudor, polo que a comunicación na aula pode nalgúns casos, bloquearse ou inhibirse.

Na lectura de textos estes alumnos son capaces de:

- Sinalar o argumento.
- Facer unha síntese do argumento.
- Caracterizar personaxes.
- Recoñecer algúns recursos literarios.
- Identificar determinados aspectos métricos.
- Interpretar o dobre sentido.
- Diferenciar tipos de textos e coñecer as súas características.

En canto ao dominio da normativa ortográfica, formúlase o dominio da acentuación gráfica, o uso dos signos de puntuación e das abreviaturas máis usuais. Se ben desde o principio da etapa se insistiu na aprendizaxe e valoración das convencións lingüísticas, así como na súa necesidade para a interacción comunicativa, é neste ciclo cando se debe afondar nestes contidos e dominalos de xeito apropiado.

Neste curso, ademais, a fluidez e a claridade na utilización do código oral son case completas. E se ben no uso da linguaxe escrita o alumno aínda presenta algunhas dificultades e dúbidas; non obstante, pode expresar mediante palabras practicamente todo o que desexa.

Durante estes anos, comeza realmente a reflexión gramatical. Aínda que, de xeito elemental se traballou antes, é agora cando se amplía e afonda nos seus aspectos básicos. Todos estes contidos trátanse a partir dos textos e nunca de xeito descontextualizado, intentando que a dedución sexa posterior á indución. Neste campo, tamén se teñen en conta as diferentes linguas de España, as súas orixes e importancia cultural.

Ao longo de toda primaria, tanto os textos (comprensión e expresión) como as reflexións sobre a lingua, as destrezas no uso do código oral e escrito, a comprensión crítica das linguaxes non verbais ou a valoración estética da literatura fóronse traballando sempre progresivamente en canto a complexidade. Pero, é neste curso cando estas ensinanzas se deben completar de maneira que se garanta a adquisición dos obxectivos xerais da área para a etapa de Educación Primaria.

Así pois, os contidos da área para todo o curso estrutúranse basicamente en torno aos seguintes núcleos:

1. ^º O uso da lingua en situacións de comunicación oral e escrita, co tratamento axeitado do texto literario e as mensaxes que empregan sistemas de comunicación verbal e non verbal conxuntamente.
2. ^º A reflexión sobre a propia lingua como medio para mellorar a comprensión e a expresión en diversas situacións de comunicación.

Na nosa comunidade coexisten dúas linguas en contacto estreito e cotián. Dende esta área debemos de atopar fórmulas apropiadas para reflexionar sobre as estruturas comúns das dúas linguas (galega e castelá) e recoller o tratamento das interferencias idiomáticas, valéndose da análise de textos orais e escritos de diversa procedencia, soporte e tipoloxía, coa finalidade de mellorar a expresión en cada unha das linguas partindo sempre do contorno

inmediato.

O obxectivo desta área é o de contribuír a que o alumnado poida chegar a ser competente lingüisticamente, que sexa quen de comunicarse mellor. Para acadar a competencia lingüística o alumnado deberá posuír habilidades, destrezas, coñecementos e actitudes respecto das linguas e das persoas falantes (eliminación de prexuízos sobre determinadas linguas e valoración da pluralidade lingüística como patrimonio cultural), aspectos que se traballarán nas clases en todo momento.

Este curso contamos con 20 alumnos e alumnas en 5º de Educación Primaria. O nivel académico do alumnado é moi heteroxéneo. En principio non hai adaptacións curriculares pero é posible que tres alumnos necesiten apoio e reforzo educativo, xa que en cuarto o precisaron, e traballarán dentro e fóra da aula.

Todos os alumnos proceden do propio centro, agás un que vén de Estados Unidos. A este último, solicitareille reforzo en Lingua Galega e nas asignaturas que se dan nesta lingua.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos os mares?	Nesta primeira unidade do curso propónse como eixe condutor o coidado dos mares e os océanos. O seu valor como fonte de vida, abastecemento alimentario, regulador ambiental ou produtor de recursos, son valores que van a calar no alumnado. A partir deste tema, vanse a traballar conceptos vinculados coa gramática, a ortografía, a literatura, a expresión oral, etc. para finalizar elaborando un proxecto de investigación que vai a culminar coa creación dun cartel sobre O Día Mundial dos Océanos para xerar conciencia.	8	16	X		
2	Para que vamos ao colexio?	A unidade comeza co debate sobre a importancia de acudir ao colexio e o dereito universal á educación. A partir da exposición das características e a estrutura que define a un dos medios de comunicación máis relevantes como é a noticia, o alumnado vai a descubrir e reflexionar sobre o contexto educativo de nenos e nenas doutras culturas. Para finalizar, van a planificar e redactar unha noticia pormenorizada sobre un feito relevante ocorrido no seu colexio. Desta maneira, van a construír a realidade a través do coñecemento e uso da linguaxe.	8	12	X		
3	Non é xusto!	A xustiza está vinculada con valores como a equidade, a ética e a honradez. En ocasións, o alumnado ten dificultades para comprender este tipo de conceptos tan abstractos e complexos. Por iso, ao inicio da unidade, propónselles a participación nun debate para que reflexionen sobre as condutas xustas/inxustas en contextos próximos. Para afianzar os contidos traballados, van a aprender a escribir un escrito formal de denuncia seguindo os pasos de planificación, redacción e revisión e, á súa vez, van a adquirir habilidades que fomentan o desenvolvemento do pensamento crítico.	8	12	X		
4	Respectamos aos animais?	Nesta unidade, trabállanse os textos informativos como transmisores de información acerca dun tema. Unhas das características principais son o emprego dunha linguaxe simple e a utilización de exemplos para fundamentar o contido. Por iso, vaise a traballar, de forma transversal, este tipo de producións cunha temática que sempre suscita un gran interese para o alumnado: os animais. Deste xeito, os	8	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Respectamos aos animais?	nenos e as nenas van a descubrir o valor de estar informados para xerar unha maior consciencia e responsabilidade nos seus actos.	8	13	X		
5	Reto trimestral: Salvar os mares	Con este primeiro reto do curso preténdese vincular esta problemática medioambiental coa literatura, de modo que, a través do uso artístico da palabra, o alumnado vai tomar consciencia sobre a importancia e a beleza das grandes masas de augas que conforman o noso planeta.	2	4	X		
6	Como é a túa localidade?	Nesta unidade, o alumnado vai aprender a transmitir mensaxes a partir do deseño e a elaboración de medios comunicativos de diversa índole empregando tanto ferramentas tecnolóxicas como manuais. A temática principal, que se vai a interrelacionar cos contidos traballados na unidade, está relacionada coa reflexión sobre a vida en sociedade que se produce na súa localidade e a comparación con outras formas de vida. Principalmente preténdese transmitir o enfoque multidisciplinar e significativo que posúe a lingua e, á súa vez, vaise destacar a estreita relación que posúe con outras áreas.	8	10		X	
7	Que deporte fas?	A práctica de deporte favorece o desenvolvemento físico e emocional das persoas e é esencial cos nenos e nenas reflexionen sobre a importancia e os beneficios que xenera a súa práctica. A partir desta temática, vanse a traballar os textos biográficos ou de retrato e vaise a fomentar o desenvolvemento de actitudes e valores de igualdade de xénero a través do coñecemento da historia de mulleres relevantes neste campo. Á súa vez, vaise facer fincapé na necesidade de facer unha criba coa información obtida de internet e as fontes de acceso.	8	10		X	
8	Gústache a música?	Na presente unidade, pónse de manifesto a multidisciplinariedade da lingua e a literatura a través da súa vinculación coa música. Estas manifestacións sempre estiveron estreitamente unidas xa que ambas posúen emoción e, á súa vez, transmiten un tema ou unha idea. Estes mesmos contidos, trabállanse desde un enfoque intercultural a partir da lectura dun texto narrativo sobre a música. Do mesmo xeito, propónse a búsqueda e selección de información para achegarse e empaparse do rico mundo literario.	8	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Protexemos a natureza?	Nesta unidade didáctica, preséntase un debate inicial sobre a relación que manteñen co entorno natural que os arrodea. Isto vai desencadenar cos alumnos e alumnas fagan unha reflexión e expresen as súas opinións e xuízos tendo en conta os sentimentos dos interlocutores. De forma transversal vanse a traballar outros contidos da lingua mantendo como eixe central este tema. Do mesmo xeito, enfátizase na necesidade de facer unha selección crítica e responsable da información obtida en internet.	8	10		X	
10	Reto trimestral: A igualdade na ciencia	Este segundo reto do curso plantexa a reflexión sobre a presenza da muller en diferentes ámbitos ao longo da historia. O traballo consiste en investigar a presenza de mulleres, no pasado e no presente, en diferentes contextos científicos e profesionais e, a continuación, planificar e levar a cabo iniciativas para dar visibilidade a dita presenza e pór en valor as aportacións que as mulleres realizaron. O fin último é desenvolver nos nenos e nenas a sensibilidade cara a este tema e a valoración das actitudes de igualdade desde o seu entorno próximo ao escenario máis global.	1	3		X	
11	Que queres ser?	Nesta unidade, preténdese reflexionar sobre as profesións, os cambios que sufriron ao longo da historia e a igualdade de xénero neste ámbito. Os alumnos e alumnas van replantearse as súas motivacións laborais e van coñecer os intereses dos demais. Para ampliar o seu vocabulario en palabras e expresións sobre o tema propónselles o uso de dicionarios. Ademais, vase facer fincapé na educación literaria a través da recitación e dramatización de poemas que vai favorecer a expresión lingüística e a apreciación da beleza estética das palabras.	8	9			X
12	Que comemos?	Ao longo da unidade, propónse a reflexión persoal sobre os hábitos e as pautas adecuadas para manter unha alimentación saúdable. Relaciónase a temática da comida con diversos contidos da lingua coa intención de promover unha aprendizaxe significativa que os alumnos e alumnas poidan aplicar nun contexto real. A súa vez, propóñenselles novas pautas para que aprenda a facer un uso de internet máis responsable e teña máis criterio á hora de compartir datos.	8	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
13	Que valente!	Nesta unidade didáctica, aproveitando o poder lingüístico que posúen os cómics, vanse a propor unha serie de contidos para que confeccionen un correctamente e vanse a transmitir valores vinculados coas proezas realizadas por heroínas e heroes, grandes referentes para o noso alumnado. Á súa vez, vaise dar prioridade a destacar, desde un enfoque multidisciplinar, a riqueza que posúe a literatura para vinculala con ámbitos e elementos da nosa vida cotiá: ocio e natureza.	8	9			X
14	De onde es?	Nesta última unidade do curso, plantéase o tema da diversidade cultural como eixe principal que vai a impregnar todos os apartados. De xeito que os alumnos e alumnas, ademais de participar en debates ou practicar a ortografía, van a desenvolver un pensamento ético baseado no respecto e a empatía por outras culturas. As lecturas aportadas ofrecen unha fonte inmensa de aprendizaxe que o alumnado ten que valorar e interpretar, progresivamente con máis xuízo e apertura mental.	8	10			X
15	Reto trimestral: Reducir a contaminación	Neste último reto do curso ofrécese un escenario para a discusión, a argumentación e a toma de postura persoal en relación co tema. Todo iso co obxectivo de que os nenos e nenas se sintan protagonistas das iniciativas que se levan a cabo na liña de conservar e mellorar o noso planeta. Concretamente, plantéase a reflexión e exposición de propostas encamiñadas a reducir a contaminación xerada polos medios de transporte que nos arrodean.	1	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos os mares?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais.	PE	80
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler textos escritos e identificar o seu sentido global e os datos fundamentais.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analizar textos sinxelos e valorar o seu contido, a fiabilidade e a idoneidade para o propósito da lectura.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Producir textos escritos, organizando as ideas, respectando as normas gramaticais e escribindo coa ortografía correcta, adecuada ao seu nivel.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elaborar textos escritos coherentes, en distintos soportes, que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Construír un pensamento crítico para evitar discriminacións.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar e contrastar información de diferentes fontes, citándoas de forma correcta.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Realizar unha selección de fontes documentais para seguir un proceso de investigación sobre un tema do seu interese e compartir os resultados.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Recuperar a información usando as tecnoloxías adecuadas de forma segura.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Valorar os textos literarios utilizando a lectura como fonte de lecer e información.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Comprender e interpretar textos literarios dos dintintos xéneros.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Mostrar interese pola lectura e os textos literarios de diversos autores e de distintos temas.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Ser consciente do lado literario dos textos e descubrir elementos propios desa calidade, intentando aplicalos ás propias producións.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos, organizando as ideas, respectando as normas gramaticais e escribindo coa ortografía correcta, adecuada ao seu nivel.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Enunciar normas básicas para o uso correcto da linguaxe na produción de textos.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reflexionar sobre os textos propios e alleos, mellorándoos e desenvolvendo o espírito crítico.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Mellorar os textos propios na súa comprensión mediante o uso de dicionarios.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario a través dos textos.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Respectar e mostrar interese polas diferentes linguas e variedades dialectais da súa contorna, identificando algunhas das súas características.	TI	20
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado, con autonomía crecente e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural.	Valorar a pluralidade lingüística do mundo como fonte de riqueza cultural, detectando e evitando os estereotipos e os prexuízos.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Analizar e rexeitar o uso discriminatorio da linguaxe, baseado na reflexión grupal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprender textos orais sinxelos e identificar o tema e as ideas principais.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.	Empregar de xeito efectivo a linguaxe oral.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Empregar os recursos verbais para elaborar diversos textos orais e multimodais de forma coherente.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Interpretar de forma correcta distintos tipos de exposicións orais.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresarse oralmente cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Utilizar, de forma adecuada, os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Xestionar os conflitos, de forma dialogada e consensuada, a partir de estratexias elementais de comunicación positiva.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquirir o gusto pola lectura.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.	Utilizar as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Valorar os textos literarios utilizando a lectura como fonte de lecer e información.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar en comunidades lectoras do ámbito escolar e social, compartindo a súa experiencia lectora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Valorar obras literarias de diversos autores para fomentar o gusto pola lectura.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Participar en comunidades lectoras do ámbito escolar e social, compartindo a súa experiencia lectora.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utilizar as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral

Contidos

- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.
- Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.

Contidos

- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e as virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos, coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.

Contidos

- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
2	Para que vamos ao colexio?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais.	PE	80
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler textos escritos e identificar o seu sentido global e os datos fundamentais.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analizar textos sinxelos e valorar o seu contido, a fiabilidade e a idoneidade para o propósito da lectura.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Producir textos escritos, organizando as ideas, respectando as normas gramaticais e escribindo coa ortografía correcta, adecuada ao seu nivel.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elaborar textos escritos coherentes, en distintos soportes, que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Construír un pensamento crítico para evitar discriminacións.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar e contrastar información de diferentes fontes, citándoas de forma correcta.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Realizar unha selección de fontes documentais para seguir un proceso de investigación sobre un tema do seu interese e compartir os resultados.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Recuperar a información usando as tecnoloxías adecuadas de forma segura.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Comprender e interpretar textos literarios dos dintintos xéneros.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Mostrar interese pola lectura e os textos literarios de diversos autores e de distintos temas.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Ser consciente do lado literario dos textos e descubrir elementos propios desa calidade, intentando aplicalos ás propias producións.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir textos escritos, organizando as ideas, respectando as normas gramaticais e escribindo coa ortografía correcta, adecuada ao seu nivel.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Enunciar normas básicas para o uso correcto da linguaxe na produción de textos.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reflexionar sobre os textos propios e alleos, mellorándoos e desenvolvendo o espírito crítico.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Mellorar os textos propios na súa comprensión mediante o uso de dicionarios.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario a través dos textos.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Respectar e mostrar interese polas diferentes linguas e variedades dialectais da súa contorna, identificando algunhas das súas características.	TI	20
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado, con autonomía crecente e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural.	Valorar a pluralidade lingüística do mundo como fonte de riqueza cultural, detectando e evitando os estereotipos e os prexuízos.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Analizar e rexeitar o uso discriminatorio da linguaxe, baseado na reflexión grupal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprender textos orais sinxelos e identificar o tema e as ideas principais.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.	Empregar de xeito efectivo a linguaxe oral.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Empregar os recursos verbais para elaborar diversos textos orais e multimodais de forma coherente.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Interpretar de forma correcta distintos tipos de exposicións orais.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresarse oralmente cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Utilizar, de forma adecuada, os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Xestionar os conflitos, de forma dialogada e consensuada, a partir de estratexias elementais de comunicación positiva.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquirir o gusto pola lectura.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.	Utilizar as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Valorar os textos literarios utilizando a lectura como fonte de lecer e información.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar en comunidades lectoras do ámbito escolar e social, compartindo a súa experiencia lectora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Valorar obras literarias de diversos autores para fomentar o gusto pola lectura.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Participar en comunidades lectoras do ámbito escolar e social, compartindo a súa experiencia lectora.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utilizar as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral

Contidos

- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.
- Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.

Contidos

- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e as virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos, coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.

Contidos

- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Os métodos utilizados deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos e ademais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O centro docente impartirá de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas.

Os principios metodolóxicos para esta programación parten das directrices do Currículo oficial que resumimos en:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, facendo referencias ás súas aprendizaxes anteriores, así como ao desenvolvemento do neno/a e ás súas características psicoevolutivos.
- Seguiremos unha metodoloxía expositiva, investigadora, descubridora, creativa, activa e participativa.
- Consideramos necesario aumentar a retención (memorización de cantigas, esquemas rítmicos, poesías, diálogos dramatizados...) de coñecementos.
- Fomentaremos unha aprendizaxe activa e autónoma (aprender por si mesmos).
- Procurarase a socialización do alumnado, e para iso aproveitaremos todos os tipos de agrupamentos para o traballo: individual, parellas, pequeno ou gran grupo dependendo das características do traballo a realizar.
- Daremos unha especial importancia á cooperación.
- Proporcionaremos guías e estratexias de aprendizaxe, fomentaremos o afán de superación e a interiorización das normas do centro suscitaremos oportunidades de traballar coas tics e na biblioteca do centro.
- Negociaremos as rutinas da clase co alumnado e expoñerémolas claramente na aula (encargado e normas).

Considérase o xogo como principal actividade e daráselle moita importancia ao principio de individualización tendo en conta a diversidade da aula e os nenos con necesidades educativas. A devandita metodoloxía estará recollida no PCC e na programación didáctica do curso.

Como estratexias específicas queremos destacar a creación dun clima de confianza e afecto, impulsar as relacións entre familia e escola, partir da observación dos alumnos e utilizar un método de aprendizaxe por descubrimento, facendo da aula un lugar de construción de coñecementos onde os nenos e nenas sexan libres e protagonistas da súa aprendizaxe. Para isto partírase sempre do máis simple ao máis complexo, do próximo ao afastado e do máis coñecido ao máis descoñecido, alternando actividades de movemento con outras máis sedentarias e utilizando todo tipo de agrupamentos: gran grupo, pequeno grupo e traballo individual.

En canto á distribución espazo-temporal: Con respecto ao espazo da aula, debemos ter en conta a existencia de zonas individuais e comúns, co fin de permitir o illamento, o traballo e o xogo individual, e ademais facilitar o encontro entre os membros do grupo.

En definitiva, podemos dicir que o espazo será natural, amplo, motivador, dinámico, flexible, accesible, funcional, seguro e suxectivo. Debe estar delimitado e contar co material necesario.

En canto ao tempo, éste será flexible e adaptado aos nenos, distribuíndose en torno a:

- Presenza de rutinas, posto que proporcionan aos nenos/as seguridade e confianza e axúdanlles na adquisición de hábitos, na estruturación das súas vivencias, así como a interiorizar as nocións espaciais e temporais. Trátase de actividades que se producen cada día de forma regulada e sistemática.
- Flexibilidade adaptándonos ao ritmo de cada un.
- Intervalos de tempo curtos para cada actividade.
- Dedicación de 30 minutos ao recreo pola mañá.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Referente aos recursos, para seleccionalos téñense en conta os seguintes principios: que sexan funcionais, que permitan experimentar, que sexan axustados ao desenvolvemento dos nenos e que fomenten as relacións persoais, así mesmo que sexan seguros, de boa calidade, abertos e variados. Para o desenvolvemento desta programación teranse en conta tanto os recursos materiais coma os humanos.

Os recursos materiais estarán formados polo equipamento, material didáctico e materiais curriculares. En concreto empregárase:

- Libros de texto Santillana:
- Libro do alumno de Lingua Castelá.
- Cadernos de traballo.
- Fichas de comprensión lectora.
- CD-ROM de Recursos Didácticos.
- Dicionario da lingua castelá.
- Fichas elaboradas polo profesor.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Material fotocopiáble.
- Láminas
- Murais
- Propio corpo
- Recursos do entorno (saídas, exposicións, cine, teatro...)
- Caderno de pauta.
- Recursos audiovisuais.
- Vídeos.

Avaliación 360º. Introducción sobre o sistema de avaliación do proxecto, máis todos os elementos e probas con solucións e criterios de corrección. Contén elementos para realizar:

- a. Avaliación diagnóstica.
- b. Avaliación continua.
- c. Avaliación final de unidade.
- d. Avaliación trimestral.

Personalización da aprendizaxe. Neste volume inclúese unha introdución teórica e propostas de traballo sobre o libro do alumnado, ademais dos seguintes elementos:

- Propostas para a programación multinivel.
- Suxerencias para a personalización do libro do alumnado.
- Fichas de reforzo da aprendizaxe.

Tarefas de enriquecemento.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
- Plantexamento de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Rutinas de pensamento.
- Cuestionarios de avaliación inicial.
- Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	2	8	8
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	1	8	8	8	8
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	1	100
Proba escrita	80	80

Unidade didáctica	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	1	100
Táboa de indicadores	20	20

Cráterios de cualificación:

A avaliación dos alumnos será inicial, continua e final, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas:

A avaliación inicial realizarase ao comezo de cada unidade didáctica para detectar os coñecementos previos do meu alumnado. Para elo estableceréi conversacións na asemblea, interpretaremos a lámina mural e o mapa preconceptual.

Avaliación continua: realizareina mediante a observación directa e sistemática do alumnado ao longo de todo o proceso , tendo en conta a execución das actividades, o respecto ás normas e valores, o nivel de atención, de interacción cos compañeiros/as...

Avaliación final: propoño, en cada unidade didáctica, unha serie de ítems en función dos obxectivos esenciais da mesma. A comprobación da súa adquisición realizarase contrastando os datos obtidos na avaliación inicial cos datos obtidos ao longo de todo o proceso de implementación da mesma.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

En canto aos procedementos que empregarei, a nivel xeral, para recompilar os datos necesarios para realizar unha avaliación obxectiva, sinalar que me servirei de distintas técnicas de observación como: anecdotarios, listas de control, escalas de valoración, relatos ou narracións, o xogo, así como o diario do profesor, rexistro de actividades de grupo, listas de control, etc.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN DA ETAPA	INSTRUMENTOS EMPREGADOS
* Valoración dos contidos avaliación e competencias adquiridas escritas ou desenroladas na unidade.	80%	Realización de probas de escritas ao finalizar cada e cada trimestre.

* Realización do traballo na clase:		- Caderno
- Organización dos materiais de clase		- Rexistro de actividades
- Presentación do caderno de materiais	10%	- Rexistro de organización
- Realización adecuada do traballo.		
* Realización do traballo de casa:		- Rexistro de entrega de deberes en tempo.
- Deberes dos deberes.	5%	- Puntuación de corrección
- Traballos específicos		
* Valoración de actitudes na aula:		- Rexistro de participación.
- Escoita clase.		- Rexistro de actitude na clase.
- Esfuerzo dos	5%	- Rexistro da valoración
- Participación equipo).		compañeiros (caderno de
- Colaboración		

Niveis
 Indicadores: Non iniciado En proceso Adquirido Avanzado

Expresión oral:

- Participa en debates e respectaas normas do intercambio comunicativo.
- Prepara exposicións orais e preséntaas con progresiva seguridade e confianza.
- Comprende e expresa sentimentos propios e dos demais.
- Expresa opinións e emocións en debates grupais e argumentaas.
- Presta atención ao uso da linguaxe inclusiva e non discriminatoria.
- Aplica diferentes estratexias para ampliar vocabulario.
- Identifica e valora a vertente literaria dos textos.

Expresión escrita:

- Le e comprende textos de diferente tipoloxía.
- Aplica os seus coñecementos gramaticais ás súas producións e valora a súa importancia na comunicación escrita.
- Mostra curiosidade por explorar os recursos dixitais da aula.
- Elabora con progresiva autonomía investigacións sobre diferentes temas.
- Adquire autonomía na planificación, redacción e revisión das súas producións escritas.
- Desenvolve estratexias básicas para a recompilación e selección de información sobre un tema.
- Reflexiona sobre os textos, as súas tipoloxías e os seus contidos.
- Recoñece o valor expresivo da imaxe que acompaña a un texto.
- Establece relacións entre as informacións que ofrecen os textos e as que se ofrecen mediante diferentes recursos gráficos.

Actitude ante a Lingua:

- Valora a diversidade como elemento enriquecedor.
- Reflexiona sobre a importancia da comunicación en diferentes situacións.
- Valora as achegas das compañeiras e dos compañeiros como ferramenta de aprendizaxe e mellora dos traballos.
- Desenvolve progresivamente o seu espírito crítico en diferentes contextos comunicativos.

Pesos dos instrumentos de avaliación por unidades

UNID.	DIDÁCT.	UN.1	UN.2	UN.3	UN.4	RETO	UN.5	UN.6	UN.7	UN.8	RETO	UN.
9	UN.10	UN.11	UN.12	RETO	TOTAL							
P	E	S	O		U	N	.	/		T	I	P
INS.		8	8	8	8	2	8	8	8	1	8	8

8	8	1	100											
PROBA														
ESCRITA		80	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80	8
0	80	80	80	80										
TÁBOA														
INDIC.		20	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20	2
0	20	20	20	20										

Criterios de cualificación

En cada avaliación, farase un seguimento diario do traballo realizado, así coma da actitude fronte á materia. Ademais realizaranse avaliacións escritas de unha ou dúas unidades.

Tamén se terán en conta diferentes evidencias para observar a evolución do alumno ou alumna:

- Actividades do libro
- Fichas de reforzo de cada unidade
- Mapas conceptuais...

Ferramentas de avaliación e porcentaxe

- Evidencias observadas no traballo diario: 20%
- Probas de avaliación: 80%
- Cualificación total: 100%

Ao final do curso han de estar superados os tres trimestres con nota positiva ou a media dos tres trimestres ten que ser positiva (5 ou superior).

Criterios de recuperación:

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo, que se adoptarán en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

Estas medidas estarán dirixidas a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas xerais de atención á diversidade articúlanse aplicando:

- Reforzo educativo.
- Adaptacións curriculares.

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna ten unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigabilidade da ensinanza, surge a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e alumnas minimizando as súas diferenzas ao través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais

Ademais, suscítase como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

En principio, na aula de 5º, hai catro alumnos que necesitan apoio e reforzo educativo e traballarán dentro e fóra da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X			X	X			
ET.2 - Igualdade de xénero							X	
ET.3 - Educación para a paz						X		
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		X	X			
ET.5 - Educación para a saúde							X	
ET.6 - Educación emocional e en valores			X	X	X	X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Emprendemento				X			X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X					
ET.3 - Educación para a paz		X					
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible				X	X	X	
ET.5 - Educación para a saúde							
ET.6 - Educación emocional e en valores		X	X		X		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samaín	Debuxos para decorar a clase e concurso de cabazas	X		
Magosto	Xogos populares e asamos castañas	X		
Nadal	Adornamos a clase e concurso de postais. Festival onde cada curso canta unha panxoliña.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Paz	Faremos un mural		X	
Entroido	Concurso de disfraces e queima do meco e da meca		X	
Semana da Prensa.	Traballarse na aula con xornais.		X	
Día do Pai.	Faise algunha actividade creativa.		X	
Día do Libro.	Sotemos libros e facemos actividades relacionadas con este tema.			X
Día da Nai	Faise algunha actividade creativa.			X
Día das Letras Galegas	Actividades relacionadas co personaxe homenaxeado e mural colectivo.			X
Fin de curso	Festival con actuacións para despedir o curso.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
Queda claro o enfoque competencial.
A vinculación cos desafíos do século XXI e cos ODS está clara.
A temporalización foi adecuada.
Metodoloxía empregada
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
O proceso levouse a cabo con fluidez.
Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades.
A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
Medidas de atención á diversidade
Prestou atención á expresión persoal dos alumnos.

Clima de traballo na aula
As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluídas.
A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.

Descrición:

É imprescindible facer unha avaliación do deseñado nun primeiro momento, e o aplicado posteriormente na aula para considerar o impacto que aquilo programado e planificado tivo na mellora dos rendementos escolares do alumnado. Trátase dunha práctica reflexiva por parte dos que conformamos o equipo docente, valorando logros, anotando dificultades e recollendo propostas de mellora para futuras implementacións na aula.

Esta avaliación apoiárase en diversidade de instrumentos e sobre estas valoracións, elaboraranse propostas de mellora:

- Planificación.
- Motivación do alumnado.
- Desenvolvemento do ensino.
- Seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre, farase unha revisión da programación, tendo en conta:

- O seguimento da programación: data de inicio e remate das unidades didácticas, grao de cumprimento dos indicadores de logro...
- Reunións trimestrais cos docentes que imparten no ciclo.
- Propostas de mellora e outras observacións.

Accións de mellora:

- Flexibilización da temporalización.
- Revisión do manexo dos contidos.
- Incorporar novas actividades vinculadas cos desafíos do século XXI para motivar ao alumnado.
- Utilización de novas estratexias metodolóxicas para que non perdan o interese.
- Revisión dos recursos.
- Explicación máis detallada dos criterios de avaliación.

9. Outros apartados